



# PLAN DIXITAL

## CEIP Fondo Nois

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Tipo de centro: Público
- Denominación oficial: CEIP Fondo Nois
- Código do centro: 27004519
- Provincia: Lugo
- Enderezo: Rúa Nois, 2 (Fondo de Nois)
- Código Postal: 27893
- Teléfono: 982870331
- NIF: Q77Q55088G
- Dirección de correo electrónico: ceip.fondo.nois@edu.xunta.gal
- Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfondonois/>
- Equipo Directivo:
  - Director: Xoán Bieito García Lorenzo.
  - Xefa de estudos: Juana Fernández Balseiro.
  - Secretaría: Sofía Fernández Naray.
    - A plantilla do Colexio é a seguinte:
  - Profesores de E.Infantil: Xoán Bieito García Lorenzo, Sofía Fernández Naray, Cristina Lago Díaz e José Francisco Moreda Núñez.
  - Profesores de E. Primaria: M.<sup>a</sup> de Gracia Quiroga Labrada, Juana Fernández Balseiro, M.<sup>a</sup> Isabel Mosquera Muíña, Roberto Fernández Rodríguez e Carla Castro Veiga (substituta).
  - Especialista en P. T.: Isabel Fernández Jonte.
  - Especialista en Inglés: Ana Isabel Muíña Álvarez.
  - Especialista de A.L.(compartida): Eva Moirón Currás e M.<sup>a</sup> Dolores López González.
  - Especialista en Ed. Musical: Mario Arranz Carreño.
  - Especialista en Ed.Física: M.<sup>a</sup> Carmen Vega Díaz.
  - Orientadora (compartida): Graciela Beatriz Dukart Aranzadi.
  - Profesor de Relixión (compartida): Francisco Gavín Rodríguez.

Actualmente o centro conta con 128 alumnos e alumnas. De entre eles, hai 34 en Educación Infantil e 94 en Educación Primaria.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Fondo Nois está ubicado na parroquia de Cangas, que pertence ao Concello de Foz. Situado na costa norte da provincia de Lugo, o concello de Foz é un municipio turístico pertencente á comarca da Mariña que conta cunha poboación de arredor de 10.000 habitantes. Accédese a el a través de diferentes estradas, principalmente a autovía A-8 e a estrada nacional N-642.

O CEIP Fondo Nois está a escasos 100 metros da estrada nacional N-642 e a aproximadamente a 5 kms do núcleo urbano de Foz. En suma, pola súa localización mesmo atópase máis próximo ó núcleo do concello veciño, Burela, estando a menos de 2 kms del.

Concorren a este centro nenos/as da propia parroquia de Cangas, de outras parroquias do concello coma Cordido ou mesmo Foz e, incluso do citado concello veciño de Burela.

O nivel socio-económico das familias é na súa maioría medio. Un ou ambos proxenitores traballan e aínda que na súa maioría traballan no sector terciario (comercio, turismo, ocio, educación,...) tamén hai pais que traballan no sector primario por mor da pesca, e/ou agricultura e gandería e mesmo no sector secundario mediante a industria.

Polo tanto, a maioría das familias contan cun nivel socio-económico medio, sendo en algúns casos máis baixo e noutros máis alto.

As familias participan nas actividades organizadas polo centro e a relación cos mestres e mestras é en xeral boa.

No centro existe a asociación de nais e pais ANPA. A ANPA dispón dun espazo nas escolas vellas para reunións e para organizar actividades, e leva a cabo diferentes actividades extraescolares en horario de tarde.

Respecto á lingua familiar predominante, existe alumnado galegofalante orixinario de familias galegas e dentro do alumnado de orixe non galego ou mesmo estranxeiro o idioma predominante é o castelán. Aínda que en xeral o alumnado emprega ámbalas dúas linguas de forma natural, tamén pódese observar un pequeno retroceso no emprego do galego entre o alumnado. Suceso, que por outra banda, é común na comarca.

A contribución do Plan Dixital ó Proxecto Educativo de Centro vai supoñer para o vindeiro curso e os seguintes unha renovación e unha actualización de mesmo en tanto á súa vertente dixital. Seguramente haxa que reformular e/ou modificar o propio Proxecto Educativo de centro por mor da súa actualización. Ó mesmo tempo, o Plan Dixital recolle as ideas básicas para ir desenvolvendo esta dixitalización.

A contribución do Plan Dixital para a Programación Xeral Anual ha de conter os obxectivos porpostos no apartado de obxectivos: A implantación de E-Dixgal en 5º de Primaria, a renovación

de equipos dixitais no centro, o inicio da creación dunha mediateca e a creación dalgún material TIC por parte do profesorado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O marco legal para a realización do Plan Dixital é o seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital houbo que dividir o traballo en dúas partes: A primeira que serviu para a creación e definición das táboas do Plan de Acción; e a segunda, para a elaboración do propio Plan Dixital. Para ámbalas partes reuniuse o Equipo de Dinamización do Plan Dixital en sendas tardes tal e como están recollidas nas actas de asistencia.

A dinámica de traballo foi aberta posto que todos tiñamos a mesma capacidade de aportar ideas ó traballo. Para a elaboración das táboas do Plan de Acción partimos do DAFO. Con esa información e co coñecemento que se ten do centro, ideamos os obxectivos que queríamos acadar para o Plan Dixital. Unha vez creados estes obxectivos, volvimos a quedar en dúas quendas para a elaboración do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro ten unha rede wifi que ten unha conectividade boa, aínda que non todos os equipos se conectan a él facilmente. Infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos). En suma, hai un ordenador para cada aula ademáis dun canón, dunha pantalla dixital e dunha tablet. Tamén hai unha sala de ordenadores con 20 ordenadores dispoñibles para traballar. Para o

profesorado, existen 3 ordenadores na sala de mestres dous dos cales non funcionan axeitadamente debido a que son un pouco vellos e non soportan actualización dos sistemas operativos, un non funciona e outro funciona mal. Cada membro do equipo directivo ten un ordenador propio no seu despacho.

No tocante a servicios dixitais, o centro emprega servizos dixitais postos en marcha dende a Consellería para a comunicación cos pais/nais: espazo Abalar, Abalarmóbil, etc. Pero tamén se empregan outras plataformas como Gmail. Como ferramentas educativas, o centro consta dun aula virtual e unha páxina web do centro onde se reflicten traballos feitos de diversa índole. Tamén se empregan diversas páxinas web para a pescuda e/ou creación de contidos.

A xestión do mantemento do equipamento do centro corre a cargo do equipo TIC e da UAC de ser necesario.

Hai un proxecto TIC.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** Un test onde se recollen diferentes áreas que poden servir para a implantación de medios dixitais no centro. Neste test avalíanse aspectos técnicos, como de recursos e humanos. Na seguinte táboa temos datos de media de resultados para cada unha das partes deste test que foi realizado a finais do mes de novembro entre o equipo directivo, o profesorado e os alumnos de 5º e 6º de Ed. Primaria.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,6				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,8				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,1				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado	3,4				

**Test CDD (Competencia Dixital Docente):** Neste test, recóllense datos que nos axuden a saber o nivel de destrezas dixitais que teñen os mestres do centro. Nas seguintes táboas, reflíctense os resultados obtidos dun modo xeral.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	10	100%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	1	2	50%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64,2	Explorador/A (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	51,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	64,	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	6,7%
A2	8	53,3%
B1	5	33,3 %
B2	-	-
C1	1	6,7%
C2	-	-
TOTAL	15	100%

Outras fontes: Para a realización do DAFO contamos tamén cunha sesión por videoconferencia a cargo do Equipo ADIX.



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe **SELFIE**, **TCDD** e outras fontes, o centro xerou unha análise **DAFO** que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	-ED, PR. No noso centro contamos con material e dispositivos TIC. - ED, PR. No noso centro contamos con diversos puntos de acceso á rede wifi e con portátiles a disposición dos nenos que o precisen. - PR. Contamos cunha aula de informática e portátil, canón, proxector e unha tablet en todas as aulas. Ademais, hai algunha aulas que traballan con SNAPPET.	- PR. A aula virtual atópase infrautilizada no noso centro. - PR, AL. O profesorado do noso centro non emprega a aula virutal como ferramenta de avaliación.
	PERSOAL DOCENTE	- ED, PR. O profesorado conta cunha boa disposición para traballar e formarse en TIC. - ED, PR. O profesorado respecta a legalidade con respecto ós dereitos de imaxe e son. -PR. O profesorado busca con interese materiais dixitais para levar á aula. - PR. Os mestres empregan outros medios para poñerse en contacto coas familias.	- ED. Parte do profesorado non ten formación suficiente en TICs. - ED, PR. O Profesorado non conta con disponibilidad horaria para a creación ed actividades dixitais. - PR, ED. A falta de formación por parte do profesorado imposibilita un debate sobre as vantaxas e desvantaxas de estratexias dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	- PR, AL. Na aula de informática contamos con equipos suficientes para abastecer cun ordenador para cada neno. - ED, PR e AL. O alumnado traballa de xeito seguro, crítico e responsable na rede informática, tamén supervisada e correxida polo profesorado.	-ED, PR. O alumnado, polo de agora, non pode levar á casa os equipos informáticos propiedade do centro agás os destinados para tal fin (7). - AL. O alumnado que presenta NEAEs non ten acceso a tecnoloxías asistenciais. - AL. Non se empregan ferramentas dixitais de traballo en grupo. - PR, AL. O alumnado traballa esporadicamente con material TIC. Non como ferramenta habitual. De ahí á falta de retroalimentación e reflexión.
	ALUMNADO	-PR, AL. O centro conta con 7 equipos dixitais de préstamo.	- PR AL. Condicionado pola nivel socioecómico das familias, algunhas non teñen acceso ós equipoes e/ou medios dixitais necesarios.
	FAMILIAS	- PR, AL. Existe unha biblioteca en liña. - PR, AL. Hai previsión de realizar unha inversión importante en ebooks e equipos de imaxe e son. - ED, PR, AL. O noso centro emprega as TIC como ferramenta motivadora e creativa e ademais como medio de	- PR. O profesorado de algúns cursos e/ou áreas colabora con outras organizacións externas con respecto ás TIC. - PR, AL. Existe unha biblioteca en liña pero con escasez de materiais de ensino aprendizaxe.

		reforzo, de ampliación e de atención á diversidade.	
	<b>OFERTA</b>	- ED, PR. O noso centro cumpre coa lexislación vixente relativa á LEI de Protección de datos. - PR. O centro emprega software libre.	- ED, PR. No noso centro existe un proxecto ITC adaptado ó colexio pero non se está desenvolvendo.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	-ED, PR. No noso centro contamos con material e dispositivos TIC. - ED, PR. No noso centro contamos con diversos puntos de acceso á rede wifi e con portátiles a disposición dos nenos que o precisen. - PR. Contamos cunha aula de informática e portátil, canón, proxector e unha tablet en todas as aulas. Ademais, hai algunhas aulas que traballan con SNAPPET.	- PR. A aula virtual atópase infrautilizada no noso centro. - PR, AL. O profesorado do noso centro non emprega a aula virtual como ferramenta de avaliación.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	- ED, PR, AL. O noso centro neste momento non conta co proxecto E-Dixgal. Non obstante, preténdese implementalo para o próximo curso. O que posibilitará unha mellor valoración dixital do centro e das aulas.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>	- ED, PR. O noso centro cumpre coa lexislación vixente relativa á LEI de Protección de datos.	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	- ED, PR. A UAC está sempre dispoñible para a axuda que sexa necesaria.	- ED, PR. Ás veces hai que esperar moito tempo para recibir a axuda necesaria con respecto a solucionar problemas con TIC e/ou internet de forma presencial.

### 3. Plan de Acción

O Plan de Acción consiste en trazar unhas ideas que, artelladas en obxectivos, axuden a establecer unha base para o desenvolvemento do Plan Dixital do centro. Por suposto que ten que contar cun coñecemento da situación de partida do centro en canto a recursos técnicos e humanos. Indicaranse en obxectivos que supoñan unha meta a lograr para cada curso. Estes obxectivos, deberan ser susceptibles de evolución unha vez se comecen a implantar no centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan Dixital a partir do análise DAFO dividimos o traballo en torno a dous eixes: O primeiro foi a confección das táboas do Plan de Acción e o segundo para a elaboración do propio Plan Dixital.

Para a confección das táboas do Plan de Acción, realizamos dúas reunións entre os membros do equipo do Plan Dixital do centro. Na primeira ideamos os obxectivos que queríamos traballar no centro a partir dos resultados obtidos no DAFO e cos ítems do SELFIE como base. Na segunda reunión, redactamos os obxectivos que consideramos oportunos para as táboas do Plan de Acción.

Unha vez tiñamos estas táboas, pasamos á elaboración do Plan Dixital. Para levar a cabo esta tarefa quedamos en dúas reunións o mesmo equipo. Na primeira sesión, debatimos, falamos sobre diferentes aspectos que se recollen no Plan Dixital e comezamos a redacción do mesmo. Na segunda sesión, rematamos a redacción do Plan Dixital e o limos para repasar algún erro.

Por último, indicar que posto que o Plan Dixital se basea nos obxectivos indicados nas táboas do Plan de Acción, estes conteñen uns pasos, unha temporalización, etc que pretende ser medible, factible e que por suposto mellore a situación dixital actual do centro.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A necesaria actualización de equipamento do profesorado tanto nas aulas como na sala de profesorado. A adaptación das aulas ao sistema de paneis interactivos en substitución dos proxectores e pizarras dixitais. A instalación e extensión da rede corporativa en todo o centro educativo para, sobre todo, dar soporte ás novas aulas con E-dixgal.

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": E: Pedagogía: Apoio e recursos.						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Elaborar unha mediateca que conte con material TIC.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC e/ou Plambe				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Elabórase un banco de recursos dixitais no centro.					
<b>Valor de partida</b>	0% de recursos creados no banco de recursos dixitais.					
<b>Valor previsto e data</b>	10 recursos creados para Ed. Infantil e 20 para Ed. Primaria.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Facer un inventario de recursos dispoñibles no centro.</b>	Equipo TIC e/ou Plambe.	22/12/2022	Pc e/ou Tablet con libre Office.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Pescuda de recursos dixitais gratuitos que se poidan trasladar á aula.</b>	O claustro de mestres	22/12/2022	Ordenadores, Internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Creación e/ou creación de novo material.</b>	O claustro	30/06/2023	Pcs, tablets, material de audio, vídeo etc.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.4: Análise sobre o traballo feito e se cumpríu as expectativas</b>	O claustro	30/06/2023	Informes feitos e outra información recollida no proceso,		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": C: Infraestrutura e equipos						
<b>2. OBXECTIVO:</b>	Mellorar o equipamento da sala de mestres e as pizarras dixitais das aulas.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Mellórase o equipamento da sala de mestres así como as pizarras dixitais de todas as aulas do centro.					
<b>Valor de partida</b>	30% para o equipo da sala de mestres e 50 % para as pizarras dixitais das aulas do centro.					
<b>Valor previsto e data</b>	100 % do equipo tanto na sala de mestres coma nas pizarras dixitais (pantalla e pizarra dixital).					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Comprobar que os equipos da sala de mestres funcionan correctamente.	Equipo TIC	22/12/2022	PCs.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2: Comprobar que as pizarras dixitais das aulas funcionan correctamente.	Equipo TIC	22/12/2022	Pizarras dixitais, pantallas e ordenadores asociados de cada aula.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.3: Formatear e/ou instalar as actualizacións pertinentes	Equipo TIC	22/12/2022	PCs, pizarras dixitais, pantallas, ordenadores asociados de cada aula e programas básicos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.4: Adquisición, se procede, de novo material, e instalación dos programas necesarios para o seu uso.	Equipo directivo e equipo TIC	30/06/2023	PCs, pizarras dixitais, pantallas, ordenadores asociados de cada aula e programas básicos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": D: Desenvolvemento profesional continuo						
<b>3. OBXECTIVO:</b>	Fomentar que cada mestre elabore un material TIC para o centro.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	O claustro.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Elabórase un material TIC por mestre.					
<b>Valor de partida</b>	20% aproximado do claustro xa crearon algún material TIC.					
<b>Valor previsto e data</b>	100% do claustro ten que elaborar un material TIC para o centro.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Petición e elaboración dun PFPP onde se ensine a crear materias dixitais no centro	Director	22/12/2022	CFR e/ou Equipo ADIX.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.2: Elaboración de recursos dixitais adaptados ó currículo de Ed. Infantil e Primaria	O claustro	30/06/2023	Pcs, Internet, pizarras dixitais, aplicación, tablets, etc.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.3: Subida á páxina web do centro os traballos TIC feitos.	O/A responsable da páxina web.	Durante todo o proceso.	Pcs, Internet, pizarras dixitais, aplicación, tablets, etc.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": F. Pedagogía: Implementación na aula.</b>						
<b>4. OBXECTIVO:</b>	Implantar o programa E-Dixgal no centro.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Mestres do último ciclo de Primaria e Xafatura de Estudos.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Implántase E-Dixgal no centro e selecciónase o material.					
<b>Valor de partida</b>	0% posto que non hai E-Dixgal no centro.					
<b>Valor previsto e data</b>	Xuño de 2024 o 100% para o alumnado de 5º e 6º.					
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Implantar o programa E-Dixgal en 5º para o curso 2022/2023</b>	Xefatura de estudos e equipo docente de 5º de Ed. Primaria	22/12/2022	Pcs, E-Dixgal e conexión en rede.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Implantar o programa E-Dixgal en 6º de Ed. Primaria para o curso 2023/2024.</b>	Xefatura de estudos e o equipo docente de 6º de Ed. Primaria.	22/12/2023	Pcs, E-Dixgal e conexión en rede.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Seleccionar os contidos a traballar en E-Dixgal</b>	Xefatura de estudos e o equipo docente de 5º e 6º de Ed. Primaria.	Durante todo o proceso	Pcs, E-Dixgal e conexión en rede.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.4: Avaliar os resultados da implantación de E-Dixgal en 5º e 6º de Ed. Primaria</b>	Xefatura de estudos e o equipo docente de 5º e 6º de Ed. Primaria.	30/06/2024	Informes feitos e outra información recollida no proceso,		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 4. Avaliación do plan

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

Para a avaliación do Plan Dixital temos a orientación das datas escritas nas táboas do Plan de Acción. Sen embargo, esta avaliación terá lugar en dous momentos:

- Unha **avaliación procesual** que se dará ó final de cada trimestre, e no que se valorarán os estados de execución das accións, unha análise e valoración dos resultados obtidos no momento, e, de ser o caso, posibles modificacións.
- Por outro lado, existirá unha **avaliación final** cuxa frecuencia será de, como mínimo, unha vez ao ano. Nesta avaliación consideraranse entre outros aspectos: a valoración do logro dos obxectivos propostos, as propostas de mellora, etc.

### 4.2. Propostas de mellora (revisión)

O Plan Dixital será revisado anualmente e incorporado á Programación Xeral Anual e ao Proxecto Educativo de Centro. As propostas de mellora serán recollidas polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital e incorporadas aos Plans de Acción.

## 5. Difusión do plan

Para a difusión do Plan Dixital cómpre ter un contacto fluído coas familias e a contorna do centro. Non obstante, e dadas as melloras que poden supoñer as implantacións dos obxectivos deste Plan Dixital no futuro do centro, estase xa a traballar en estratexias de publicidade que axuden á súa difusión, por exemplo, a web do centro.